

CONFERENCIA DA XUVENTUDE DA UNIÓN EUROPEA DA PRESIDENCIA CHIPRIOTA Recomendacións conxuntas

A Conferencia da Unión Europea para a Xuventude é un elemento do proceso de diálogo que establece unha Resolución sobre o renovado Marco de Cooperación Europea para o ámbito da Xuventude (2010-2018) do Consello de Europa.

O diálogo estruturado é un instrumento para asegurar que a opinión dos xóvenes se teña en conta na formación de políticas da xuventude na UE.

Durante os 18 meses de duración do trio presidencial de Polonia, Dinamarca e Chipre (do 1 de xullo de 2011 ata o 31 de decembro de 2012) a cooperación entre a Comisión Europea e o Foro da Xuventude tomou unha decisión común para implementar o diálogo estruturado sobre a participación dos xóvenes na vida democrática de Europa, cunha escollida área de interese específico para cada unha das tres presidencias.

Neste contexto, o diálogo estruturado baixo a presidencia de Chipre se centra na Xuventude e a inclusión social e a participación, cun énfasis no trasfondo da migración xoven.

A terceira fase do diálogo estruturado chegou a seu fin coa Conferencia da Xuventude de UE en Nicosia (Chipre), onde os delegados e directores xerais dos Estados Membros da UE conxuntamente definiron as seguintes recomendacións baseadas nos resultados das consultas nacionais.

As recomendacións abordan aspectos como a participación dos xóvenes, a inclusión dos xóvenes, con énfasis na inclusión dos xóvenes inmigrantes. A importancia da participación dos xóvenes e organizacións xuvenís, especialmente na toma de decisións e sociedades prósperas e democráticas.

A. INFORMACIÓN. O papel dos medios de comunicación na difusión da información e a inclusión social.

1. Os Estados membros e a Comisión deben establecer orientación e apoio ó desenvolvemento dos xóvenes. O servizo de asesoramento e información é obxectivo de transparencia para cos xóvenes. Existen mandatos para crear a prestación de esa información e orientación en orden innovadora e con método on line (en línea).

2. Os Estados membros e a Comisión deben fomentar a cooperación e o apoio entre as organizacións xuvenís e os medios de comunicación na promoción dunha imaxén obxectiva do movemento xuvenil co fondo de mellorar a integración social.

B. ENSINANZA DE IDIOMAS. Educación de calidade para unha inclusión de calidade.

1. Os Estados membros deben introducir a cidadanía e a educación intercultural como suxeitos curriculares da Escola e actuar e garantir a formación dos profesores para contribuir a precoz organización xuvenil con as institucións pertinentes, en orden a inclusión social e fomentar a participación activa dos xóvenes.

2. Promover a inclusión social dos xóvenes co mandato de que sexa transparente. Os Estados membros deben alentar o aprendizaxe da lingua oficial do país de acolida ofrecendo cursos de idiomas gratuitos.

C. ACTITUDES. Dos prexuízos ó diálogo social.

1. Dentro da nova xeración de programas comunitarios de educación e xuventude, a Comisión debe fortalecer o apoio a financiación de actividades dos xóvenes en todos os niveis que se centran na inclusión social e o diálogo intercultural dos xóvenes de UE cos de terceiros países.

2. Os Estados membros e as organizacións xuvenís deberían cooperar no desenvolvemento, apoio e promoción de sistemas accesibles a través de tutorías de pares entre xóvenes non inmigrantes para axudar ós xóvenes emigrantes a integrarse na sociedade mediante o fomento mutuo ó respecto, a tolerancia e a comprensión intercultural.

D. IGUALDADE DE OPORTUNIDADES. Dende a loita contra a discriminación, á igualdade de acceso ó mercado de traballo e o benestar social.

1. Os Estados membros deben garantir a igualdade de acceso ós servizos de saúde, incluídos os non urxentes, para todas as persoas que viven nun país da UE, incluídos os inmigrantes non indocumentados.
2. Os Estados membros e a Comisión deben facilitar o intercambio de boas prácticas, tales como a formación profesional, centros de orientación e tutoría, planes de emprego, co fin de mellorar o acceso ó mercado de traballo e garantir condicións de traballo xustas para ós xóvenes e persoas con transfondo migratorio.

E. MECANISMOS DE APOIO E FERRAMENTAS. Mellora das políticas, programas e prácticas para unha mellor inclusión social.

1. Os Estados membros e a Comisión instan a ampliar plenamente planes de inclusión social, en especial da Plataforma Europea contra a pobreza e a exclusión social e a Xuventude en Movemento, ademáis de iniciativas dos xóvenes, ó fin de alcanzar os puntos de referencia da Estratexía Europea 2020.
2. Os Estados membros e a Comisión deben promover o traballo interdepartamental, así como consultar e facer participar ás organizacións xuvenís e as organizacións non gubernamentais que traballan cos xóvenes con orixen inmigrante na toma de decisións, implementación e avaliación de políticas e programas que involucran e afectan ós xóvenes, a fin de facer fronte as súas necesidades específicas.

F. PARTICIPACIÓN. Participación dos xóvenes en vida democrática e social.

1. Dentro dos seus respectivos ámbitos de competencias, a Comisión e os Estados membros, incluídas as autoridades rexionais e locais, deberían crear financeira, política e legal, condicións para o empoderamento de todos ós xóvenes a participar na vida política e social a través de súas organizacións xuvenís, redes sociais e outros foros participativos.
2. Co fin de mellorar a igualdade de dereitos, os Estados membros e as institucións da UE deben garantir o dereito a longo prazo de todos os residentes, tal como se define na lexislación nacional, a votar e a presentarse como candidatos a nivel local, rexional e nacional.

G. ORGANIZACIÓNS XUVENÍS. Apoiar o papel das organizacións xuvenís na inclusión de actividades sociais.

1. A Comisión e os Estados membros deben garantir suficiencia financeira e apoio a longo prazo, así como apoio administrativo e loxístico ós Consellos de Xuventude e as Organizacións Xuvenís, co fin de mellorar o seu papel como facilitadores da inclusión social e o establecemento do fácil acceso a micro-programas de subvencións para iniciativas dirixidas por xóvenes.
2. A Comisión e os Estados membros deberían promover o papel específico das Organizacións Xuvenís no fomento da inclusión social a través da validación do aprendizaxe non formal e o recoñecemento das Organizacións xuvenís como prestadoras esenciais da educación non formal.